

ESCE— —NAS DO CAM— —BIO

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**Festival
de inverno de
teatro, danza e
arte en acción**

**1–10 feb 2018
Gaiás, Cidade
da Cultura de
Galicia**

**Santiago de
Compostela**

escenasdocambio.org
cidadedacultura.gal

**DOSSIER DE
PRENSA**

**Tiago Rodrigues
Estela Lloves
Mithkal Alzghair
Maria Arnal e Marcel Bagés
Miguel Pereira
Mursego
Mohamed El Khatib
Voadora
Edurne Rubio
Xavier Le Roy
Daria Deflorian e Antonio Tagliarini
Félix Fernández
Israel Galván, Pedro G. Romero e Filiep Tacq
Melania Cruz e Tito Asorey
Sofia Dias e Vitor Roriz**

Director artístico: Pablo Fidalgo Lareo

Como quen non quere a cousa

E así, as ruínas dariannos o punto de identidade entre o vivir persoal -a persoal historia- e a historia. Persoa é a que sobreviviu á destrución de todo na súa vida e aínda deixa entrever que, da súa propia vida, un sentido superior aos feitos failles cobrar a significación e conformarse nunha imaxe, a afirmación dunha liberdade imperecedoira a través da imposición das circunstancias, no cárcere das situacións.

María Zambrano



Estas palabras de María Zambrano servirían para introducir perfectamente experiencias de dor, de exilio e emigración, como as das obras que presentan Mithkal Alzghair ou Mohamed El Khatib, pero tamén para resumir as voces, plenas pero feridas, de Mursego ou Maria Arnal. Servirían para definir a danza milagrosa de Israel Galván, protexido esta vez polo pensamento de Pedro G. Romero e Filiep Tacq, e para falar das vidas feridas do sur de Europa que nos traen Daria Deflorian e Antonio Tagliarini. Máis que nunca, este programa é unha paisaxe total, unha paisaxe que hai que entender con todo o corpo. Estas creacións cuestionan e reverten as leis e as regras do mundo no que vivimos, abren situacións, fan que os corpos se busquen,

se pensen a si mesmos en común. Nestas creacións atopamos a esencia da disidencia. Contra o boureo das palabras, das imaxes, e do espectacular, estas obras devólvennos aos xestos esenciais: a risa e o pranto, a conversación e o silencio, o dó e a festa, o amor e a amizade.

Hai disidencia na forma de entender a morte de Mohamed El Khatib, hai disidencia nos corpos de Mithkal Alzghair que explican a historia da brutal guerra en Siria. Hai disidencia no só de Xavier Le Roy, porque nos ensina a pensar desde o corpo, con outra lóxica, con outras normas. Hai disidencia en Israel Galván, que se revelou contra a tradición e que agora baila nunha biblioteca, e hai disidencia en Edurne

Rubio, que, como tantos creadores españois, traballa desde Bruxelas na historia de España a través dunha experiencia familiar única e abraiante. E hai berro, pranto, canto dun pobo enteiro, en María Arnal e en Mursego. Tamén hai disidencia e resistencia e subversión nos traballos de Deflorian e Tagliarini e de Miguel Pereira, outros artistas que xa colaboraron entre si no pasado, e que agora presentan as súas alegacións sobre a liberdade creativa, a capacidade de imaxinar e soñar, e os problemas dos artistas no sur de Europa.

Escenas do Cambio, despois de tres anos, empeza a ter a súa propia historia. Por iso, algúns artistas que xa estiveron presentes noutras edicións do festival, como Voadora, Tiago Rodrigues ou Israel Galván volven á deste ano. Darlles continuidade aos artistas é unha das premisas do festival. Por outra banda, seguimos interesados en descubrir para Galicia e para o resto do Estado, artistas internacionais consolidados que non tiveron moitas oportunidades de amosar o seu traballo no noso país. Seguimos traballando con artistas de Galicia como Estela Lloves ou Félix Fernández, creadores transdisciplinares que nos últimos anos mostraron o seu traballo máis no estranxeiro que en Galicia. Ao mesmo tempo, continuamos cun labor formativo cos obradoiros de IIMaquinario e Sofía Díaz e Vitor Roriz e seguimos colaborando tamén con diversas institucións como o Concello de Santiago, o CDG, o CGAC e tamén coa librería Chan da Pólvora. Como dicíamos, un festival coa súa historia, cos seus trazos, coa súa ruptura, con ese risco que se asume cando un quere chegar a outra parte.

Todos os programas de man dos festivais do mundo din o mesmo. Da Habana a Bruxelas, de Kinshasa a Quioto, todos repiten practicamente as mesmas palabras. Son emotivos, intelixentes, ocorrentes. Algunhas veces non levan firma, algunhas veces levan demasiadas firmas. Se os lemos con atención, en todos eles se pode ver o traballo que hai detrás, as limitacións e as virtudes, os acordos e os desacordos. Hai programas espectaculares e programas eslamiados. Ás veces moi optimistas, ás veces moi ensimesmados, ás veces demasiado explicativos ou crípticos. Ás veces buscando unha identidade que só chega co paso do tempo. Hai programas, poucos, que son literatura. Con todo, basta con estar xuntos un tempo antes de que sexa moi tarde. Mirar con amor e analizar sen piedade. Achegarnos ao inesperado e cernos o xogo un pouco máis. O programa xa foi escrito e non hai volta atrás. Neste intre estás a lelo. E por detrás das palabras deste programa están os xestos, os movementos, as disidencias. Os corpos empezan a espertar e as voces empezan a tomar forma, como quen non quere a cousa.

Pablo Fidalgo. Director artístico.

Programa

1 FEBREIRO

20.30 *Antonio e Cleopatra*. Tiago Rodrigues.

2 FEBREIRO

10.00 Obradoiro de Sofia Días & Vitor Roriz.

15.00 Espazo de encontro sobre teatro biográfico con Melania Cruz & Tito Asorey.
FOGAR#1. Sesión 1.

19.00 *Una tirada de dados*. Israel Galván, Pedro G. Romero e Filiep Tacq.

20.30 *50 minutos de simulación programada*. Félix Fernández.

3 FEBREIRO

15.00 *FOGAR#1*. Sesión 2.

20.30 *Garage*. Voadora.

22.30 *100% Oion*. Concerto de Mursego (Maite Arroitauregui).

4 FEBREIRO

15.00 *FOGAR#1*. Sesión 3.

19.00 *Finir en beauté*. Mohamed El Khatib.

20.30 *Reality*. Daria Deflorian & Antonio Tagliarini.

8 FEBREIRO

15.00 *FOGAR#1*. Sesión 4.

19.00 *Miguel meets Karima*. Miguel Pereira.

20.30 *Light years away*. Edurne Rubio.

9 FEBREIRO

15.00 *FOGAR#1*. Sesión 5.

19.00 *O tempo como dobrado un corpo*. Estela Lloves.

20.30 *Self Unfinished*. Xavier Le Roy.

10 FEBREIRO

15.00 *FOGAR#1*. Sesión 6.

19.00 *Displacement*. Mithkal Alzghair.

20.30 Concerto de Maria Arnal e Marcel Bagés.

Esta programación pode estar suxeita a cambios non previstos no momento desta comunicación.



Escena

ANTONIO E CLEOPATRA

TIAGO RODRIGUES

Portugal | 80 min.

1 Febreiro | 20.30 horas.

SALA 1. MUSEO CENTRO GAIÁS



Despois da admiración mutua xurdida entre eles, no ano 2015 o escritor e director portugués Tiago Rodrigues propón á parella de performers e coreógrafos Sofia Dias e Vítor Roriz participar no seu novo proxecto.

Aplicando moito do traballo vocal e da linguaxe que esta parella de artistas investigou e desenvolveu ao longo da súa traxectoria, Rodrigues reescribe a gran traxedia de amor de Shakespeare —quizais a maior obra de amor de todos os tempos— e cun escenario minimalista, consegue, a través da palabra, xerar un universo complexo, onde a traxedia de *Antonio e Cleopatra* vólvese unha paisaxe serena, sen deixar de ser brutal.

Despois de conquistar o Festival de Avignon en 2016, (e de novo en 2017, coa nova peza *O sopra*) e tras *By heart*, *Bovary*, e deste traballo que presentamos, Tiago Rodrigues considérase xa unha das grandes voces do teatro europeo. *Antonio e Cleopatra* presentouse en inglés, francés e portugués en teatros de todo o mundo.

Ficha artística

Texto: Tiago Rodrigues con citas de Antonio e Cleopatra de William Shakespeare.

Elenco: Sofia Dias e Vítor Roriz.

Escenografía: Ângela Rocha.

Vestuario: Ângela Rocha e Magda Bizarro.

Deseño de luces: Nuno Meira.

Música: Extractos da banda sonora de la película Cleopatra (1963) de Alex North.

Colaboración artística: Maria João Serrão e Thomas Walgrave.

Mobiliario: Decor Galamba.

Produción: TNDM II a partir dunha creación orixinal da compañía Mundo Perfeito.

Coprodución: Centro Cultural de Belém, Centro Cultural Vila Flôr e Temps d'Images.

Produción executiva na estrea: Magda Bizarro e Rita Mendes.

Residencia artística: Teatro do Campo Alegre, TNSJ e Alkantara.

Agradecementos: Ana Mónica, Ângelo Rocha, Carlos Mendonça, Luísa Taveira, Manuela Santos, Toninho Neto, Rui Carvalho Homem, Salvador Santos e Bomba Suicida.

Colabora: Museu de Marinha.

Estrea: Decembro, 1994. Centro Cultural de Belem, Lisboa. Portugal.

UNA TIRADA DE DADOS

ISRAEL GALVÁN

Andalucía | 90 min.

2 Febreiro | 19.00 horas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA



En 2016 a rede europea Corpus xunta a Israel Galván, Pedro G. Romero e Filiep Tacq na biblioteca da Universidade de Lovaina, a universidade máis antiga de Europa. *Un coup de dés...* de Mallarme, é o poema que funda a modernidade en poesía. Sobre ese poema, nos anos 70, o artista belga Marcel Broodthaers intervén o libro de Mallarme. O faladoiro-diálogo erudito entre Pedro e Filiep é interrompido polo coreógrafo e bailarín español dando lugar así a unha conversación a tres bandas e en dúas partes, onde nunha primeira parte falan dúas persoas e nunha segunda baila o terceiro.

A Biblioteca e Arquivo de Galicia (onde o ano pasado xa puidemos gozar *The quiet volume*, a obra mestra de Tim Etchells e Ant Hampton) encherase do zapateado e do baile único de Israel Galván, baile único e subversivo, onde a identidade ponse en xogo, onde a festa é dor e a dor é festa, e onde nos demostrará que si, que un libro tamén se pode bailar.

Ficha artística

Idea orixinal: Filiep Tacq.

Concepto: Pedro G. Romero.

Conferenciantes: Pedro G. Romero e Filiep Tacq.

Bailaor: Israel Galván.

Parte do proxecto *El libro Por venir* comisariado por Buleoga z/b.

Estrea: Novembro, 2016. Festival Playground, Universidade de Lovaina. Bélxica.

50 MINUTOS DE SIMULACIÓN PROGRAMADA

FÉLIX FERNÁNDEZ

Galicia | 50 min.

2 Febreiro | 20.30 horas.

SALA 1. MUSEO CENTRO GAIÁS



Este traballo nace dun xesto estereotipado, dunha construción consensuada e dirixida de como deben ser as cousas; nace dunha norma elaborada a conciencia coa intención de manter a orde do establecido. A disidencia preséntase por tanto coma un mal síntoma, o “librepensar” de Huxley en ‘Un mundo feliz’ será un castigo que o individuo, ou máis ben o usuario desta realidade, non debe infrinxirse. Todo está preparado para esta experiencia onde o fundamental non é saber escoller entre as diferentes opcións xa que todas conducen ao mesmo camiño, senón procurar o lugar axeitado para gozar dun entretemento integral. ‘50 minutos de simulación programada’ é unha experiencia escénica que se desenvolve baixo unha estética de vídeo xogo habitada por dous avatares que desenvolven accións vinculadas ás súas respectivas identidades *cosplay*. Bastará con este par de personaxes de identidades polarizadas e unha escenografía que nos remita a todos eses non lugares que habitamos diariamente para que o noso disco ríxido interno atope arquivos de memoria estrañamente similares ao que presenciemos en escena.

Artista multidisciplinar nado na Coruña en 1977, o seu traballo oscila entre as artes visuais, o cinema, a música e a performance.

Ficha artística

Dirección, dramaturxia, guiión e interpretación: Félix Fernández.

Dirección coreográfica: Rut Balvís.

Música: Félix Fernández e Rubeck.

Vestuario: Rebeca Durán e Félix Fernández.

Asesoramento escénico: Idoia Zabaleta.

Residencia: AZALA (Xaneiro, 2018).

Colabora: Fundación Luis Seoane.

Estrea: Work in progress. Presentación en Escenas do Cambio.

GARAGE

VOADORA

Galicia | 70 min.

3 Febreiro | 20.30 horas

SALÓN TEATRO



No ano 2016 Voadora estrea en Escenas do Cambio a súa versión libre de *Don Juan*, cunha comunidade de persoas maiores de Santiago de Compostela. A partir desta actuación, os responsables de MA Scène Nationale Montbéliard convidáanos a presentar a versión francesa da obra.

Desa primeira colaboración nace a proposta, neste ano 2017, de traballar coa comunidade local vencellada ao mundo do motor. Traballadoras de PSA Peugeot Citroën de Vigo e voluntarias e voluntarios de diferentes xeracións vinculadas coa fábrica serán protagonistas deste espectáculo participativo. Estamos ante un proxecto aínda en construción que traerá á escena o mundo do garaxe, tamén unido á contracultura e ao rock. Trátase dun espazo de liberdade, un espazo único onde os coches son protagonistas, e as promesas de viaxe, e o vínculo con outro lugar, coa distancia, co afastado. Voadora volve a MA Scène Nationale - Pays de Montbéliard cunha peza que abrirá a tempada no Théâtre de Montbéliard e xirará polo territorio francés.

O traballo constrúese ao redor do mundo do motor e do papel da muller na industria do S. XX. Unha nova aventura única para os participantes e para o público. Como eles mesmos escriben: "Se a felicidade non é a meta, senón o camiño, posiblemente imos ter que comprar un coche."

Ficha artística

Dirección: Marta Pazos.

Elenco: Espectáculo participativo protagonizado por traballadoras de PSA Peugeot Citroën de Vigo e voluntarias/os de diferentes xeracións vencelladas coa fábrica.

Dramaturxia: Fernando Epelde.

Movemento: Guillermo Weickert.

Iluminación: Diego Villar.

Música orixinal: Jose Díaz, Fernando Epelde, Hugo Torres.

Escenografía e vestuario: Marta Pazos.

Vídeo: Miramemira.

Asistentes de produción: Liza G. Suárez e Carmen Juanatey.

Produtor: Jose Díaz.

Produción: Voadora en coprodución con MA scène nationale - Pays de Montbéliard.

Estrea: Setembro, 2017. Théâtre de Montbéliard. Francia.

100% OION—CONCERTO

MURSEGO. MAITE ARROITAJAUREGUI

Euskadi | 75 min.

3 Febreiro | 22.30 horas.

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA. CGAC



Violonchelista, investigadora, cantante, artista total. Maite Arroitauregui é Mursego.

Neste último ano creou o proxecto *100% Oion*, un disco co pobo éuscaro de Oion, un dos máis conflictivos de Euskadi. Con todo o pobo, xerou un disco enteiro sobre a realidade que viven día a día os seus habitantes. Decidida a traballar cun pobo conflictivo, Maite dá voz ás diferentes culturas e formas de vivir deste.

Cos pés en Euskadi, en Eibar, pero coa ollada no mundo, Maite é tamén unha presenza e unha voz única, multinstrumentista, con formación en música clásica e contemporánea.

Se un dos obxectivos deste festival é dialogar e rescatar artistas que se resisten a deixarse atrapar polo sistema cultural imperante, a voz de Mursego, os seus xoguetes, a súa paisaxe, a súa delicadeza e a súa contundencia á hora de dicir, serán un dos momentos cume desta edición.

Ficha artística:

Maite Arroitauregui: cello, loop station, pratinhos chineses, chifre, pandeireta, organiño, palmas, rimas, coros e danzas.
Editado en xuño de 2017.

FINIR EN BEAUTÉ

MOHAMED EL KHATIB

Francia | 50 min.

4 Febreiro | 19.00 horas.

SALA 2. MUSEO CENTRO GAIÁS



En 2014, Mohamed El Khatib asiste e acompaña a morte da súa nai. Natural de Marrocos pero afincados en Francia desde hai moito tempo, a familia é unha vez máis o lugar dos conflitos entre formas de vivir e neste caso, de morrer. Se a escena contemporánea se encheu de documentos, e este festival estivo particularmente atento a esas manifestacións, a peza de El Khatib é máis que unha peza sobre a morte e o diálogo entre culturas, é unha lección de escena, de medida, de coidado, unha lección de como gardar memoria.

Unha peza reveladora sobre a realidade francesa. O verdadeiro diálogo entre culturas, seguramente, aínda está por comezar. Esta peza é un inicio posible. Unha peza reconciliada, tenra, brillante, que toma posición no momento difícil da morte. Unha peza chea de dor e de humor, onde a morte da nai tamén é celebración da existencia, exercicio de memoria, e inicio dunha vida nova.

Ficha artística

Idea, concepción e deseño: Mohamed El Khatib.
Imaxe e contorna visual: Frédéric Hocké.
Contorna sonora: Nicolas Jorio.
Colaboración artística: Thomas Ferrand.
Produción: L'I, Vanessa Valée.
Estrea: Xuño, 2015. Festival de Avignon. Francia.

REALITY

DARIA DEFLORIAN E ANTONIO TAGLIARINI

Italia | 55 min.

4 Febreiro | 20.30 horas.

SALA 1. MUSEO CENTRO GAIÁS



Cando estes dous artistas italianos descubren o libro reportaxe de Mariusz Szczygieł titulado 'Gottland' non o poden crer. O libro narra a historia dunha muller polaca, Janina Turek, que durante máis de cincuenta anos escribiu nun caderno absolutamente todas as cousas que lle sucederon na súa vida cotiá. Chamadas feitas e recibidas (38.196), onde e a quen lle dixo bos días (23.397), cantas citas tivo (1.922), cantos agasallos fixo, a quen e de que tipo (5.817) e outros moitos datos aparentemente inútiles. Todo isto contido en 748 cadernos atopados á súa morte e dos que ninguén sabía nada.

Esta vida sérvelles aos artistas para pensar a arte, a dor, a política e o mundo de hoxe. Na escena, ás veces, prodúcense milagres. O encontro de Daria Deflorian e Antonio Tagliarini é un deses milagres. Entre ambos, crearon unha linguaxe no límite do escénico e o coreográfico, con pezas sutís e políticas, cheas de poesía, de fantasía e dun humor único e irrepitible.

Ficha artística

Baseada na reportaxe de Mariusz Szczygieł Reality traducida por Marzena Borejczuk, Nottetempo 2011.

Dramaturxia, dirección e interpretación: Daria Deflorian e Antonio Tagliarini.

Deseño de luces: Gianni Staropoli.

Dirección técnica: Giulia Pastore.

Colaboración artística: Marzena Borejczuk.

Distribución internacional: Francesca Corona.

Manager: Anna Damiani.

Produción: A.D.

Coprodución: Festival Inequilibrio/Armonia, ZTL-Pro co patrocinio de Provincia di Roma e Assessorato alle Politiche Culturali.

Colaboran: Fondazione Romaeuropa e Teatro di Roma.

Residencias: Festival Inequilibrio/Armonia, Ruota Libera/Centrale Preneste

Teatro, Dom Kultury Podgórze coa colaboración do Istituto Polacco di Roma,

Nottetempo, Kataklima/Nuovo Critico, Istituto Italiano di Cultura di Cracovia e

Dom Kultury Podgórze.

Agradecimentos: Janusz Jarecki, Iwona Wernikowska, Melania Tutak,

Magdalena Ujma, Jaro Gawlik e especialmente a Ewa Janeczek.

Estrea: Xuño, 2014. La Colline - Théâtre National. Festival Face à face, París.

Francia.

MIGUEL MEETS KARIMA

MIGUEL PEREIRA

Portugal | 40 min.

8 Febreiro | 19.00 horas.

SALA AGUSTÍN MAGÁN



“Este traballo resultou dun proxecto de colaboración que desenvolvín coa coreógrafa e bailarina exipcia Karima Mansour, entre os meses de setembro de 2004 e xuño de 2006. Durante este longo período de tempo, moitas cousas ocorreron: viaxes, encontros, falta de tempo e momentos de intensa discusión. Ao final, rematou por ser imposible. Cada un decidiu facer un só. A estrea foi en Lisboa en xuño de 2006 no Festival Alkántara, e os dous sos foron presentados no mesmo espazo, un a continuación doutro. O meu foi o primeiro e o de Karima, o segundo”.

Miguel Pereira, un dos coreógrafos de referencia da nova danza portuguesa –xunto a Vera Mantero, Joao Fiadeiro e Francisco Camacho–, fala nesta peza sobre a intimidade dos procesos de creación. Unha lección sobre como traballar cos outros, como compartir e afrontar as ideas, mesmo aínda que os outros se resistan a devolvérenos nada.

Once anos despois, a peza continúa a presentarse en países de todo o mundo e facéndonos rir como o primeiro día.

Ficha artística

Creación e interpretación: Miguel Pereira.

Colaboración dramaturxia: Roger Bernat e Rui Catalão.

Vestuario: Mónica Bertran.

Produción executiva: O Rumor do Fumo (Lisboa), Alkántara (Lisboa) e

Panorama Rio Dança (RJ).

Coprodución: Festival Alkántara 2006, Panorama Rio Dança, O Rumor do Fumo,

MAPA – Cel-lula Sant Mori, Jangada de Pedra e Galeria ZDB.

Residencia artística: CENTA Centro de Estudos de Novas Tendências

Artísticas, Cel-lula Sant Mori e Negócio/ZDB.

Colabora: European Cultural Foundation, Telemar (Brasil).

Apoio: O Rumor do Fumo é unha estrutura financiada polo Ministério da cultura, direção-geral das artes.

Estrea: Xuño, 2006. Festival Alkántara, Lisboa. Portugal.

LIGHTS YEARS AWAY

EDURNE RUBIO

Castela e León - Bélxica | 60 min.

8 Febreiro | 20.30 horas.

TEATRO PRINCIPAL



“Durante os anos 50 e 70, o meu pai e os seus dous irmáns formaron parte do Grupo de Espeleología Edelweiss. En 1956, Edelweiss iniciou no norte de Burgos a exploración de ‘Ojo Guareña’, unha das covas máis grandes de Europa. Guiada por espeleólogos, *Light years away* é unha visita a través da escuridade do teatro, un percorrido no que todo o que aparece ao paso sorprende, xa sexa orgánico ou inanimado, cronolóxico ou anacrónico, visible ou invisible. Trátase dunha película fóra da pantalla, un documental sen rostros, un espectáculo iluminado con lanternas”.

Edurne Rubio, artista burgalesa afincada en Bruxelas, indaga na historia española desde un lugar sutil, nese descenso á cova que é tamén unha metáfora do momento presente. O público terá a oportunidade de sentir a temperatura da cova e de descender coa artista ás profundidades da súa memoria.

Ficha técnica

Concepto e performance: Edurne Rubio.

Son: David Elchardus.

Cámara: Álvaro Alonso de Armiño, Gregorio Méndez e Sergi Gras.

Edición: Edurne Rubio.

Colaboración artística: Jan De Coster, Didier Demorcy, María Jerez e Loreto Martínez Troncoso.

Técnica: Gregor Van Mulders e David Elchardus.

Espeleólogos: Teresiano Antón, Miguel Ángel del Álamo, Fortunato Lázaro, Ana Isabel Ortega, Pedro Plana, Miguel Ángel Martín, Pablo Martín, Fernando del Río, Elías Rubio, Eliseo Rubio, Gabriel Rubio, Palmira Rubio, Francisco Ruiz e Carmen Vadillo.

Producción: Kunstenwerkplaats Pianofabriek, Bruxelas.

Co-produción: Beursschouwburg, Kunstencentrum BUDA.

Co apoio de: Vlaams Gemeenschap; Vlaams Gemeenschapscommissie; Grupo de Espeleología Edelweiss; Junta de Castilla y León; Netwerk, centrum voor hedendaagse kunst; What is Third, Casa Encendida e Espacio Tangente.

Estrea: Outubro, 2017. Festival Buda Vista, Kortrijk. Bélxica.

O TEMPO COMO DOBRADO UN CORPO

ESTELA LLOVES

Galicia | 50 min.

9 Febreiro | 19.00 horas.

SALA 2. MUSEO CENTRO GAIÁS



A onde había que chegar?/ Que é o que me perdín se é que me perdín algo?/ Ese encerro tan antigo/ Armadilla escura do tempo/ O baile soa no burato dunha aberta/ Ofrenda ó deus dos antigos: Saturno recibe unha cadeira e unha pequena lanterna/ Un canto encarnando a única realidade posible en íntimo presente, despendúrase sobre unha bicicleta estendida/ Non te preocupes por nada, tranquila, para que te vas preocupar?/

Entre os artistas galegos que habitan no estranxeiro, Estela Lloves ocupa un lugar especialmente relevante. Formada con Mónica Valenciano, desde hai varios anos vive en Berlín. Artista da fronteira, nesta peza colabora coa compositora Fada Benedito que logra facer música cunha vella bicicleta.

Entre o teatro, a danza, a música e o circo, Estela crea un momento de liberdade e beleza extremo.

Ficha técnica:

Dirección e coreografía: Estela Lloves.

Espazo sonoro: Hada Benedito.

Iluminación: Antóm Ferreiro.

Estrea: Novembro, 2016. Festival Seis Cordas. Teatro Ensalle, Vigo, España.

SELF UNFINISHED

XAVIER LE ROY

Francia | 55 min.

9 Febreiro | 20.30 horas.

SALA 1. MUSEO CENTRO GAIÁS



Se un introduce *Self Unfinished* de Xavier Le Roy en youtube, atópase cun vídeo que alcanza case as 300000 visitas. Non nos fiamos moito de youtube, pero é evidente que este traballo, de 1998, pasou a formar parte da historia da danza europea.

Nos anos 90, dous coreógrafos, amigos e cómplices, empezan a rebentar o eslamiado panorama da danza francés. Jérôme Bel e Xavier Le Roy crean unha nova linguaxe, onde os bailaríns deixan de ser corpos disciplinados ao servizo do poder e do espectáculo, para desvelar precisamente as xerarquías e a problemática que encerra esa idea tradicional de espectáculo, que xa Guy Debord atacou de forma frontal.

Xavier Le Roy chega por primeira vez a Galicia con esta peza fundamental da danza moderna, chea de intelixencia pero tamén de humor, e que foi o punto de partida dunha das obras máis fascinantes e valoradas da actual escena mundial.

Ficha técnica

Idea, dirección e interpretación: Xavier Le Roy.

Colabora: Laurent Goldring.

Música: Diana Ross.

Produción: In situ Productions e Le Kwatt.

Coprodución: Substanz-Cottbus, TIF Staatsschauspiel Dresden, Fonds

Darstellende Künste e.v. aus Mitteln des Bundesministeriums des Innern.

Colabora: TanzWerkstatt-Berlin, Podewil-Berlin and the Berlin

Senatsverwaltung für Wissenschaft y Forschung und Kultur.

Estrea: 1998.

DISPLACEMENT

MITHKAL ALZGHAIR

Siria | 55 min.

10 Febreiro | 19.00 horas.

SALA 1. MUSEO CENTRO GAIÁS



“A través da danza tento comprender as fontes das que emanan as danzas tradicionais, o proceso de impregnación e contaxio no que son construídas, tendo como base a realidade social e política que influíu na concreción deste traballo: a herdanza militar, a ditadura, os réximes autoritarios, a revolución, a guerra e a deslocalización. A necesidade desta creación está relacionada coa forma en como é transmitida a cuestión das revolucións no Medio Oriente. O meu obxectivo é definir a identidade do corpo sirio, o patrimonio recoñecido, vivido e construído. Cal é a identidade dunha sociedade formada baixo o dominio dunha ditadura colonial? Un corpo que viviu a guerra e un corpo que viviu a emigración son dous corpos diferentes? É urxente e necesario para min mostrar ao mundo a realidade do conflito sirio, como esperanza para unha liberdade plena e futura”.

Quen se expresa así é o coreógrafo Mithkal Alzghair, autor deste traballo que trae a un primeiro plano as cuestións da guerra de Siria, e pon en valor o patrimonio dun país devastado por intereses absurdos. Nos corpos dos bailaríns resiste a vida. O dó elabórase tamén bailando xunto aos outros.

Ficha artística

Coreografía: Mithkal Alzghair.

Intérpretes: Rami Farah, Samil Taskin e Mithkal Alzghair.

Dramaturxia: Thibaut Kaiser.

Deseño de luces: Séverine Rième.

Coprodución: Godsbanen – Aarhus (Danemark)/Musée de la Danse-CCN de Rennes et de Bretagne / the foundation AFAC / Les Treize Arches-Scène conventionnée de Brive.

Co apoio de Centre national de la Danse – Pantin, France / Studio Le Regard du Cygne, /Théâtre Louis Aragon, scène conventionnée danse de Tremblay-en-France.

Estrea: Marzo, 2016. Studio le Regard du Cygne, París. Francia.

MARIA ARNAL E MARCEL BAGÉS

Concerto

Cataluña | 70 min.

10 Febreiro | 20.30 horas.

HALL DE TIRANTES. MUSEO CENTRO GAIÁS.



“Unha canción como ‘Tú que vienes a rondarme’ xustifica todo un álbum. Tamén condiciona o resto dun disco que, aínda sen alcanzar a altura dese primeiro single, disputa a Rosalía as honras de converterse no debut nacional do que levamos de 2017. A canción en cuestión sácalle partido á cristalina voz de Maria Arnal, dun rexistro similar ao de Silvia Pérez Cruz, da que se beneficia un texto de resonancias folclóricas e referencias míticas. Os matices electrónicos, cortesía do californiano instalado en Barcelona Filastine, fan o resto. Pero en ‘45 cerebros y un corazón’ en realidade hai sitio para moito máis. Herdeiros da tradición mediterránea, e apostando polo castelán e o catalán, Maria e Marcel actualizan a *cançó* utilizando elementos do pop, tanto na elección dos instrumentos -guitarra eléctrica, sons de corte industrial, etc.- como na súa aposta pola heterodoxia”. (Luís J. Menéndez, El Diario).

Do mesmo xeito que a memoria, principal *leitmotiv* do seu aclamado álbum de debut, ‘45 cerebros y un corazón’ (Fina Estampa, 2017), a creación segundo Maria Arnal e Marcel Bagés é materia viva. E da mesma maneira que entenden a autoría como un paso máis no seu proxecto de continuación da cadea de transmisión da cultura popular, o seu directo é un continuo *work in progress* que trae a Escenas do Cambio a súa vertente máis experimental. Novos matices electrónicos que saen da privacidade do seu laboratorio sonoro por primeira vez e en tempo real.

Ficha artística

Voz: Maria Arnal.

Guitarra: Marcel Bagés.

Editado en maio de 2017.



**Obradoiro,
espazos de
encontro e
escenarios**

Obradoiro

SOFIA DIAS E VITOR RORIZ

SOFIA DIAS E VITOR RORIZ

Portugal

1 Febreiro | 10-13 horas.

SALA SEMINARIO

Neste obradoiro Sofia Dias e Vitor Roriz compartirán algunhas ferramentas de investigación e improvisación que se producen nos seus procesos creativos como coreógrafos. Teñen como base o uso da palabra como materia dúctil, o nome como forma de presentación do xesto e a voz como o exceso do transvasamento entre corpos.

A sesión comezará activando a percepción de todo o corpo, para despois pasar pola procura de movementos coa progresiva implicación da voz e do texto, ata chegar ao procedemento da improvisación, baseado nas ideas de repetición e transformación.

Sofia Dias e Vitor Roriz colaboran desde 2006. Os seus traballos teñen como base o movemento e o xesto, e as súas investigacións cuestionan os límites da linguaxe e a representación.

Nos seus dez anos de colaboración estrearon preto de quince traballos en 17 países diferentes. Desde os inicios da súa colaboración apostaron polos talleres e as clases a profesionais e afeccionados en Portugal e no estranxeiro.

O seu interese crecente por formas de repartición e reflexión entre parellas, levounos a organizar desde 2012 varias residencias e encontros entre artistas, entre os que destaca Aware que tivo lugar no Festival Alkantara.

Colaboraron con outros coreógrafos, artistas plásticos e directores de teatro como Catarina Dias, Lara Torres, Marco Martins, Clara Andermatt, Mark Tompkins, Gonçalo Waddington/Carla Maciel, Tim Etchells e Tiago Rodrigues.

Inscricións:

Obradoiro dirixido a persoas relacionadas coa interpretación e interesadas en experimentar técnicas de improvisación.

Para a inscrición é necesario enviar unha carta de motivación e un perfil profesional nun folio á dirección actividades@cidadedacultura.org

Inscrición: gratuíta, previa valoración de perfil e carta de motivación.

Prazas: 15.

Data límite de presentación de solicitudes: 12 de xaneiro de 2018. 15:00 h.

Confirmación de praza: 18 de xaneiro de 2018.

Espazo de encontro sobre teatro biográfico

FOGAR#1

MELANIA CRUZ E TITO ASOREY

Galicia

2, 3, 4, 8, 9 e 10 Febreiro | 15-18 horas.

SALA SEMINARIO

Se pensamos na palabra Fogar, cada un de nós terá na súa cabeza un lugar diferente. Poida que algúns non pensemos nun espazo, e a outros nin sequera apeteceranos oír falar de ter un. Poida que na vertixe da vida contemporánea, este fogar vaia cambiando cada vez con máis rapidez, como cambian os nosos referentes, as nosas preferencias, os nosos costumes.

Este taller nace coa idea de crear un espazo no que conflúa o individual co colectivo, un lugar para iniciar procesos, para sementar futuros espectáculos, ou simplemente para establecer un encontro con diferentes creadores que confronten perspectivas escénicas partindo dun mesmo concepto: a reflexión sobre o fogar, sobre o xermolo, sobre o que se supón que nos é propio.

Nun mundo tan cambiante como o actual, onde se pode atopar un fogar? Por cantas casas pasamos nos últimos anos? Por cantas pasaron os nosos pais a nosa idade? Pode unha casa ser un fogar? Ese concepto está máis dentro ou fóra de nós mesmos? Pode unha sala de cinema ser un fogar? Unha sala de ensaios? Unha aplicación? Unha rede social? Unha lembranza? Unha parella é un fogar? Realmente un fogar é un lugar no que vivir sen medo? Onde radica a nosa raigame? Que estamos dispostos a facer para defender o noso fogar? E a nosa felicidade?

Partindo do material biográfico de todos os participantes abordarase esa temática desde diversas perspectivas, tan variables como individuos convivan neste espazo de encontro.

Inscricións:

Encontros dirixidos a persoas relacionadas coa creación escénica (intérpretes, músicos, performers, directores, dramaturgos...) e interesadas en experimentar no campo do teatro relacionado coa biografía persoal.

Para a inscrición é necesario enviar unha carta de motivación e un perfil profesional nun folio á dirección actividades@ciudadecultura.org

Inscrición: gratuíta, previa valoración de perfil e carta de motivación.

Prazas: 15 prazas.

Data límite de presentación de solicitudes: 12 de xaneiro de 2018. 15:00 h.

Confirmación de praza: 18 de xaneiro de 2018.

Espazos

MUSEO CENTRO GAIÁS

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás s/n
Santiago de Compostela



Principal escenario de Escenas do Cambio desde a súa primeira edición. A súa beleza e flexibilidade converten a este edificio da Cidade da Cultura de Galicia no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. Neste 2017 localizaranse un total de tres salas escénicas, ademais da Sala Seminario, onde terán lugar as conferencias.

Andar -1: Sala 1 e Sala 2.

Andar 0: Sala Seminario e Hall Tirantes

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás s/n
Santiago de Compostela



Cabeceira do sistema de bibliotecas galegas e do patrimonio documental da nosa comunidade, a Biblioteca e Arquivo de Galicia reúne, conserva e difunde todo o patrimonio bibliográfico e documental de Galicia e facilita o seu acceso, xa sexa de forma presencial ou virtual. Peza chave para as actividades culturais relacionadas co libro, a lectura e as bibliotecas, a difusión da cultura galega é un dos grandes obxectivos desta institución. A súa sala de lectura será obxecto de ocupación artística neste Escenas do Cambio 2018.

TEATRO PRINCIPAL


Rúa Nova, 21
Santiago de Compostela



Con capacidade para 434 espectadores, o Teatro Principal atópase na zona monumental compostelá e ofrece unha variada programación xestionada directamente polo Concello de Santiago, que é o seu propietario. O edificio foi construído en 1842 a partir do deseño do arquitecto Manuel de Prado y Vallo. Con todo, no ano 1988 levou a cabo unha importante reforma dirixida polos arquitectos Rafael Baltar, José A. Bartolomeu, Carlos Almuiña e Gerardo Salvador.

SALA AGUSTÍN MAGÁN

(Centro Sociocultural de Santa Marta). Rúa Antonio Rama Seoane, 6
Santiago de Compostela



O Centro Sociocultural de Santa Marta é un equipamento municipal de proximidade pertencente á Rede Municipal de Centros Socioculturais de Santiago de Compostela. Un Centro de barrio proxectado a toda a cidade, para os veciños e veciñas de Santa Marta e para todos aqueles que queiran formar parte dunha programación sociocultural extensa e variada; sendo ao mesmo tempo un referente de cidade no terreo das artes escénicas, da creación de públicos e da pedagogía teatral.

Sitúase moi próximo ao núcleo antigo de Santa Marta, barrio en crecemento, e está localizado nunha área na que se atopa a actual gardería, o antigo centro social e os espazos públicos e verdes do barrio.

O centro conta na primeira planta a recepción, a zona administrativa e a Sala Agustín Magán. E na segunda planta, a Biblioteca "José Saramago", salas de uso polivalente, sala de reunións e unha terraza.

SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34
Santiago de Compostela



Situado na zona histórica de Santiago de Compostela, o Salón Teatro foi inaugurado de novo en 1999 tras unha intervención arquitectónica que permitiu recuperar para a escena este espazo do ano 1920, despois de dúas décadas sen representacións. Xestionado na actualidade pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través de Agadic, o teatro acolle a exhibición en Compostela de todas as producións do Centro Dramático Galego —que ten aquí a súa sede—, ademais dunha programación aberta ás distintas disciplinas escénicas, á música e ao cinema. A súa capacidade é de 272 butacas.

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA. CGAC

Rúa Valle Inclán, 2
Santiago de Compostela



Creado en 1993 o Centro Galego de Arte Contemporánea é un espazo de difusión cultural cuxa función é dinamizar o panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea.

Ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

Información práctica

Entradas á venda a partir do 1 de decembro

Ataquilla e Punto de información no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura.

Prezo entrada para as funcións:

Anticipada: 8 € + gastos de xestión

Billeteira: 9 € + gastos de xestión

Abono para todas as funcións: 13 espectáculos 40 € + gastos de xestión. Á venda ata o 21 de xaneiro.

Descontos: 20% para titulares do Club Gaiás, alumnos ESAD de Galicia, Asociación de Actores e actrices de Galicia, carné universitario, persoas xubiladas, persoas en situación de desemprego, persoas con discapacidade, membros de familias numerosas e carné xove.

Promoción: establécese unha promoción pola compra de localidades para o mesmo espectáculo de 3 entradas ao prezo de 2. Só á venda nos puntos de venda físicos e venda telefónica Ataquilla (902 504 500)

Entradas á venda en:

escenasdocambio.org
cidadedacultura.gal

ORGANIZA:



COLABORAN:



FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:





Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. Neste 2017 celebramos os seus 5 anos de vida como centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO

CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC que engloba o proxecto de *crowdworking* 'Galicia Open Future' de Telefónica, 'Connecting for Good Galicia' da man de Vodafone e o 'Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio' liderado por HP.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC).

É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

ESPAZOS NATURAI. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago son os tres espazos verdes cos que conta o Gaiás. Tres lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

ESCE- -NAS DO CAM- -BIO

ORGANIZA:



COLABORAN:



MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE



FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:

//ABANCA

//Afundación

INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

SabadellGallego^{OS}



Estrella Galicia[®]

